

APÓSTOL
2019

Sentir a terra... e a lingua



**MILAGROS
FERNÁNDEZ
PÉREZ**

*Catedrática de
Lingüística Xeral
da USC*

A Amalia, a nosa veciña solteira que era miña segunda nai, vendía repolos do seu predio nas feiras de Verín. Tiña un libriño coas contas básicas xa feitas para poder cobrar o que despachaba. Logo repasabamos xuntas se o que ingresara concordaba coas pezas vendidas. A Amalia aprendíame cantigas de cego e versos de Rosalía. Decía que ela falaba galego tamén no médico en Ourense porque lle daba soego. Cando eu, de moi nena, preguntaba por que algunha tía ou algún primo falaban castelán, ela sempre me respondía “Se cadra non senten a terra”. Eu pensaba entón que o falar galego era cuestión de teres terras, un predio grande coma o que tiñan a Amalia e o seu irmán en Enfesta. E ao mellor non estaba tan errada aquela interpretación materialista do vencello á terra.

O sermos cada un individualmente por distinguírmolos dos demais vén de nacemento. A chegada ao mundo xa

trae connosco un nome no Rexistro Civil, á parte do perfil físico de asemellos familiares: «A nena imítase á nai»; «E ti de quen vés sendo?». Esa identidade proxectada desde fóra, con nome e herdanza xenética, vaixe convertendo en persoalidade interior cultivada conforme se medra e se desenvolve a consciencia e o xuízo sobre un mesmo. O adolescente vai levantando conviccións e principios que lle dean senso e lugar, que lle fagan ser el mesmo nun grupo. Faise conscente de quen vai ser pola música que escoita, polas motivacións que defende, polas crenzas que o ancoran, polo xeito de pensamento e a mentalidade cultural que o envolve. A necesidade de ter identidade, de sentirse alguén, faise crucial para medrar como persoa. Nun estimulante relato, Y tú, ¿quién te crees que eres? (Lumen, 2019) a Nobel canadense, Alice Munro, verniza con brillo o ir sendo un ao redor do lema de

que «Aínda que sexa para que as corten, é preciso que ter ás».

O escritor nórdico, Karl Ove Knausgård, aínda que criticado polo detallismo excesivo (A. Muñoz Molina, “Contarlo todo”, El País, 6/10/2018), examina no último libro (Fin, Anagrama, 2019) da súa saga Mi lucha, e co necesario pormenor, as capas da identidade social que vertebran, de xeito natural, a identidade individual. De feito, a narrativa autobiográfica de Knausgård contén o eu de Karl Ove, mais tamén o eu escandinavo que se advirte nesa mentalidade de non sobresaír entre os demais. Que o parecer noruegués promocióne a modestia individual non significa que se achante ou que escureza a súa identidade cultural propia. Aínda máis, os procesos de promoción en Noruega da variedade lingüística xenuína nynorsk son espello de como manter e coídar o patrimonio cultural da terra: o lingüista Einar Haugen (1906-1994) xa falaba en 1972 da ecoloxía das linguas.

Hai riquezas impagables que non se mercan con diñeiro, tesouros de identidade colectiva que se sente. A miña avoa Milagros, xa era eu grandíña, teimábase no risco de esgotar a capacidade de ocupación cerebral. De que chegara un punto no que os miolos estoupasen superado o nivel previsto de aprendizaxe. Decía ela que había que peneirar e estudar con sentido práctico, para quedarmos cun puñado de coñecemento que cabera na testa. Miña avoa valoraba a función polo tamaño. Pero o cerebro, antes que masa aparente, é sobre todo órgano máis ou menos estimulado. A aprendizaxe sen fin e o coñecemento sempre en incremento son detonantes de exercitación que promoven o desenvolvemento funcional. De xeito brillante e rotundo, o psiquiatra profesor da Universität Heilderberg, Thomas Fuchs, defende que o cerebro é un intermediario para sermos, de xeito conscente, quen somos ou quen queiramos

ser (2018, Ecology of the brain, Oxford). Termos cultura e lingua propias non limita nen menos empobrece, antes ben dá vezeos e facilidades para interesármolos polo distinto.

Está claro que falar galego e ter raizame no noso xeito de ser pasa pola semente no sentir da terra, propio da identidade que se vai construíndo por estratos de a cabalo entre o nós e o eu, mais sen perigo de copar ou alagar o cerebro. Aquele lema publicitario inaugural de promoción da lingua «Co galego, ata a lúa» que tiña o cometido de darlle estatus por cubrir e normalizar tódalas funcións, debera hoxe lerse coma o desvelo por mantermos en orixe o noso, e xa non só en centros galegos da emigración afastados, senón incluso en terras selenitas. Sermos cidadáns do mundo porque levamos a nosa raiceira da terra que nos fai observadores instruídos das diferenzas.

APÓSTOL
2019

A propósito del Códice Calixtino



**EVA Mª
CASTRO
CARIDAD**

*Catedrática de
Filología Latina
Dpto. Filología
Clásica, Francesa e
Italiana. USC*

Si en la actualidad estamos celebrando la fiesta del 25 de julio, especialmente en Galicia, es porque a comienzos del siglo XII se decidió dotar de un culto especial al patronazgo del apóstol Santiago sobre la región más extrema del Occidente del mundo conocido, es decir, a Hispania; pero en Hispania, ¿qué zona estaba más al Occidente que la región de la Gallaecia, la zona del finis terrae del mundo antiguo y medieval?

Todos los indicios señalan que quien tomó esa decisión fue el arzobispo Diego Gelmírez. Al llegar a Compostela en 1101, el prelado se encontró con una iglesia local en estado lamentable, tanto por la falta de formación de su clero y su insaciable voracidad por las ofrendas de los fieles, como por la pobreza de los ritos y la liturgia de la sede arzobispal. Hay constancia historiográfica de que Diego Gelmírez mantuvo buenas relaciones con el clero francés,

encargado de introducir el rito franco-romano en la Península Ibérica, una vez que quedó abolido el rito hispano en aras de la unidad litúrgica de todo el Occidente europeo. Diego Gelmírez había sido el secretario del conde de Galicia, Raimundo de Borgoña y había mantenido una estrecha amistad con el hermano de este, Guido de Borgoña, que alcanzaría la cátedra de San Pedro en Roma con el nombre de papa Calixto II.

Este papa es al que el compilador del Códice Calixtino, una de las joyas manuscritas de la catedral de Santiago, atribuye no solo la carta dedicatoria con la que se abre la obra, sino muchas otras piezas de la colección. El códice contiene algunos de los episodios más pintorescos no solo sobre la peregrinación a Compostela durante la Edad Media, sino sobre relatos fantásticos que relacionan Compostela con

prohombres del temprano Medievo, como el gran emperador franco Carlomagno.

El actual libro IV del Códice Calixtino, conocido como “Crónica del pseudo-Turpin” narra por medio de un supuesto obispo de nombre Turpin la conquista de Hispania por parte de Carlomagno para librarla de la invasión árabe que había penetrado por el sur de Europa y ponía en peligro a toda la cristiandad. Este relato, a medio camino entre la historia profana y la eclesiástica, es un interesante testimonio de la leyenda del héroe Roldán y su muerte en Roscenvalles. La narración se cierra con tres cartas del papa Calixto II: la primera para dar credibilidad a la existencia del obispo Turpin; la segunda para dar cuenta de las posteriores incursiones sarracenas en Hispania tras la muerte de Carlomagno y la tercera es una especie de llamada a la cruzada contra los árabes en Hispania.

El libro V del Calixtino, llamado también popularmente “Guía de peregrinos” es un delicioso relato de la “vida cotidiana” del peregrinaje y de los peregrinos a Compostela: los lugares y pueblos por los que transcurre el camino, la descripción de sus gentes, los peligros que pueden asaltar a los fieles, etc.

Sin embargo, ninguno de estos dos libros podría explicar la festividad jacobea que llega hasta nuestros días. El libro que sustenta toda esta tradición es el libro menos conocido, el libro I. En él destacan, entre otras piezas litúrgicas, los sermones, especialmente no solo los atribuidos al papa Calixto II, sino también otro conocido como Exultemus, que el prof. Díaz y Díaz consideró redactado en Compostela por algún clérigo erudito de la zona. Son numerosas las peculiaridades de este texto, pero una de ellas destaca especialmente; se trata de la Laus Hispaniae (alabanza de España).

Casi al final del sermón se introduce esta pieza retórica, cuyo uso en la literatura latina medieval hispana fue introducido por san Isidoro de Sevilla. Hasta ahora nadie había reparado que esta alabanza del Códice Calixtino es el primer testimonio de la tradición isidoriana. El texto compostelano afirma que Santiago pidió a sus discípulos ser llevado a Hispania, tras su martirio, y que fuera sepultado “en el extremo de Galicia, que ahora ocupa Compostela”. Según el sermón, Santiago ejerce su patronazgo sobre los Hispanos, a los que recomforta con el tesoro de su cuerpo. El texto continúa con las exclamaciones: “Alégrate, pues, España”; “Dichosa eres, España”; “pero eres más dichosa [España] por la presencia de Santiago”.

Qué gran enseñanza encierra nuestro Códice Calixtino en un tiempo como el actual en que las tensiones territoriales ponen en cuestión la existencia de la propia “Hispania”. En un documento del siglo XII, confeccionado posiblemente en Compostela, no se alaba en exclusiva la ciudad en la que está enterrado el apóstol, sino que se elogia toda la nación sobre la que Santiago ejerce su patronazgo.